

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

En data de 28 de agosto de 2015 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do programa de alimentos do Concello de Salceda de Caselas. O 10 de setembro de 2015 publicouse no BOP de Pontevedra nº 175 o acordo de aprobación inicial, concedéndose un prazo de 30 días hábiles para consultar o expediente e no seu caso formular as alegacións ou reclamacións oportunas. Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación o Regulamento enténdese definitivamente aprobado, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro do mesmo; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS

Artigo 1 – OBXECTO

A finalidade do presente regulamento é asegurar unha distribución xusta e equitativa dos alimentos de xeito que cheguen ás persoas máis necesitadas do concello, en base a criterios obxectivos e de valoración técnica das situacións sociais polo/a traballador/a social.



O Concello de Salceda de Caselas, en función dos excedentes recibidos da UE e distribuídos a través do banco da Cruz Vermella, e de todos os alimentos recibidos de doazóns e eventos benéficos ou análogos para tal fin, convocará periodicamente un reparto de lotes de alimentos entre as persoas que cumpran os requisitos establecidos no presente regulamento e se atopen nunha situación de precariedade económica.

Artigo 2 – PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias do programa de alimentos as persoas ou familias residentes e empadroadas no Concello de Salceda de Caselas que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento, e que tal como se recolle na Resolución do 25 de febreiro de 2015 de Fondo Español de Garantía Agraria se consideran “as persoas máis desfavorecidas: individuos, familias, fogares ou grupos que se encontren en situación de pobreza económica, así como as persoas sen fogar e outras persoas en situación de especial vulnerabilidade social”.

Artigo 3 – REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

1.—Estar empadroados e ter residencia efectiva no concello cunha antigüidade mínima de 3 meses, salvo excepcións que pola gravidade e as consecuencias, para a unidade de convivencia e trala valoración dos/as traballadores/as sociais queden exentas de antigüidade mínima.

2.—Non recibir esta mesma axuda en especie por outro organismo ou entidade.

3.—Ser maior de 18 anos ou estar emancipado/a legalmente.

4.—Que a unidade de convivencia non dispoña de ingresos suficientes para poder facer fronte a gastos de alimentación básicos segundo os límites establecidos no artigo 4 deste regulamento.

4.1 – Considéranse ingresos económicos todos aqueles obtidos pola suma de todos os membros da unidade de convivencia en concepto de salarios, rendas, pensións e prestacións económicas, agás:

- As prestacións por fillo a cargo para menores de 18 anos.
- Libranzas para cuidadores no contorno familiar.
- Complementos de axuda por terceira persoa (da pensión de gran invalidez do INSS, da PNC, PF maiores de 18 anos, LISMI).
- Bolsas ou axudas para formación.
- Axudas de inclusión social (AIS).



4.2–Teranse en conta os ingresos dos que dispoña a unidade de convivencia dentro dos 3 meses anteriores á solicitude.

4.3 – Serán deducibles dos ingresos mensuais o custe dos gastos de aluguer ou hipoteca da vivenda habitual, ata un máximo de 300€ mensuais.

5 – Cumpridos os requisitos anteriores, terán prioridade aquelas persoas ou unidade de convivencia nas que existan problemáticas asociadas, tecnicamente valoradas polo/a traballador/a social, que supoñan situacións de especial vulnerabilidade, e/ou aquelas que estean afectadas por situacións ou risco de exclusión social.

6 – Non ser a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia propietarios ou usufrutuarios de bens inmoables, vehículos ou outros bens que, polas súas características, valoración, posibilidades de venda, ou calquera outra forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda destinada ao uso propio.

Artigo 4 – CRITERIOS DE VALORACIÓN

O departamento de Servizos Sociais procederá a valorar o cumprimento dos requisitos contemplados neste regulamento, así como a súa adecuación para a satisfacción do interese público perseguido.

4.1 - O baremo económico para acceder ao programa de alimentos queda definido da seguinte forma podendo acceder ás axudas as persoas solicitantes que acrediten ingresos mensuais inferiores aos recollidos no cadro que se xunta para cada un dos niveis de membros na unidade de convivencia:

Nº MEMBROS UNIDADE CONVIVENCIA	LÍMITE DE INGRESOS
1 ou 2	<=532,51€
3	639,01
4	745,37
5 ou máis	852,01

Ademais debe presentar un saldo nas súas contas inferiores ao recollido no cadro que se xunta:

Nº MEMBROS UNIDADE CONVIVENCIA	LÍMITE DE INGRESOS MENSUAIS
1	Saldo inferior a 800€
2	Saldo inferior a 1.200€
3	Saldo inferior a 1.700€
4	Saldo inferior a 2.400€
5 ou máis	Saldo inferior a 3.200€



4.2 – Criterios de valoración. Unha vez se cumpra co primeiro criterio de acceso consideraranse, a efectos baremación e puntuación, para priorizar a entrega de ditos alimentos, os seguintes criterios e puntuacións correspondentes:

Composición familiar números de fillos/as ao seu cargo – Menores de 26 anos	
Por ter 3 ou máis fillos/as a cargo	4
Por ter 2 fillos/as a cargo	3
Por ter 1 fillo/a a cargo	2
Por cada fillo/a con discapacidade cualificada igual ou superior a 33%	2

Situación laboral	
Por situación laboral de desemprego sen prestación económica (2 ou máis membros)	5
Por situación laboral de desemprego sen prestación económica (1 membro)	4
Por situación laboral de desemprego con prestación económica	3

Outros datos a ter en conta	
Débedas pendentes, (luz, auga aluguer, etc.)	4

Artigo 5 – DOCUMENTACIÓN

- Solicitud.
- Fotocopia do DNI/NIE de todos os membros da unidade de convivencia
- Libro de familia
- Sentenza de divorcio e custodia da mesma, de selo caso
- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos no ano en curso
- Volante de empadramento e convivencia
- Tarxeta de demandante de emprego
- Xustificantes dos ingresos económicos dos membros da familia maiores de 16 anos:
 - Vida laboral.
 - Certificados de percepción de pensións coa contía mensual.
 - Nóminas dos últimos tres meses.
 - Certificado do Servizo Público de Emprego das prestacións por desemprego.



- Extracto das contas bancarias e movementos dos últimos 12 meses de todas as persoas maiores de 16 anos.
- Resolución de prestacións económicas periódicas e non periódicas.
- Calquera outra documentación que acredite ingresos económicos.
- Declaración responsable da persoa solicitante ou membro afectado da unidade familiar na que se faga constar, no seu caso a carencia absoluta de ingresos.
- Recibo da urbana da casa.

— Xustificantes de pago:

- Contrato de aluguer e recibo dos últimos 3 meses.
- Recibo de crédito hipotecario dos últimos 3 meses.

— Outros documentos específicos que sexan necesarios para a correcta valoración da solicitude.

Artigo 6 – RENOVACIÓN

As persoas beneficiarias deberán renovar a súa solicitude cada 6 meses, asinando unha declaración responsable de que os ingresos non variaron con respecto á data da solicitude anterior e un compromiso de que en caso de variación dos ingresos familiares, deben comunicalo no prazo máximo dun mes.

Artigo 7 – PROCEDIMIENTO

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello no modelo do Anexo I e II.

Darase traslado da solicitude ao departamento de servizos sociais comunitarios, que procederá á comprobación dos datos proporcionados.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese darase por desistido da súa petición, previa resolución.

No procedemento de valoración, teranse en conta 2 factores:

1.—Valoración económica dos ingresos dispoñibles pola unidade de convivencia, segundo o baremo.

2.—Valoración social da necesidade, tendo en conta o contexto persoal, familiar e social dos solicitantes que determinen situacións especialmente vulnerables susceptibles de prioridade na atención (familias monoparentais, familias con menores e/ou persoas maiores ou con



dependencia ao seu cargo, persoas con discapacidade, mulleres vítimas de violencia de xénero, etc). Para esta valoración a traballadora social poderá solicitar aquela documentación que considere necesaria para o correcto diagnóstico da situación.

Artigo 8 – PROCEDIMENTO ESPECIAL

Para as persoas que queiran recoller alimentos noutras organizacións de reparto ou distribución dentro do marco do “Programa 2015 de ayuda alimentaria a las persona mas desfavorecidas”, dado que na normativa de referencia se especifica a necesidade de que os servizos sociais públicos emitan informe para determinar se pertencen ao colectivo de persoas mais desfavorecidas para poder ser beneficiarios/as de ditos alimentos, deben presentar unha solicitude no modelo correspondente ANEXO III e IV, para que se lles poida emitir un informe-proposta para dita finalidade.

Nestes casos a valoración técnica para determinar o seu dereito ou non, rexeráse igualmente por este regulamento e os seus criterios de valoración.

Artigo 9 – OBRIGACIÓN DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

a) Achegar xunto coa solicitude, a documentación que se esixe no presente regulamento, xustificando ante o órgano xestor que se reúnen os requisitos establecidos nas presentes bases.

b) Someterse a cantas actuacións de control e achegar a documentación que lle sexa solicitada polo órgano xestor.

c) Comunicar ao órgano xestor no prazo de un mes, a variación de calquera das circunstancias alegadas que puideran dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da concesión recoñecida.

d) Só se poderá presentar unha solicitude por unidade familiar, en caso contrario anularanse as dúas.

Artigo 10 – PROCEDIMENTO DA ENTREGA DA AXUDA

1. O lugar, día e hora do reparto comunicarase por vía telefónica ás persoas solicitantes da seguinte forma:

a) Contactarase con cada beneficiario/a por vía telefónica ao móbil ou fixo, realizando un máximo de 3 chamadas en días consecutivos, en horario de 9:00 a 13:00 horas. Do resultado da chamada deixarase constancia escrita, apuntando a data e a hora da mesma. A imposibilidade de contactar co/a beneficiario/a dará lugar á suspensión da axuda.

En caso de non retirar os alimentos entenderase que renuncia a dita axuda.



b) As persoas beneficiarias, cando cambien os seus datos de localización, deberán comunicalo inmediatamente nos Servizos Sociais Comunitarios da localidade a efectos da súa actualización.

c) Procederase ao reparto de alimentos cando sexa citado, previa presenza física do/a interesado/a co seu DNI/ NIE. No caso de non acudir o/a titular da solicitude poderá recoller os alimentos a persoa designada mediante autorización firmada por parte do/a titular. Á entrega dos alimentos firmarase un recibí.

d) Faranse efectivas as entregas de alimentos en función da asignación correspondente por parte do Programa de Alimentos.

e) De maneira excepcional non se observará o presente procedemento podéndose realizar entregas en situacións especiais e xustificadas previamente por un informe xustificativo da entrega, redactado polo/a traballador/a social, do que se quedará copia no expediente da solicitude extraordinaria.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor transcorridos quince días hábiles desde a publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



ANEXO I**SOLICITUDE DE INCLUSIÓN COMO BENEFICIARIO/A DO PROGRAMA DE ALIMENTOS**

DON/A _____ con DNI/NIE _____

endereço en _____

e nº. de teléfono _____

DECLARA QUE

Forman parte da súa unidade de convivencia as seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE	PARENTESCO/ RELACIÓN	INGRESOS MENSUAIS
SOLICITANTE			

SOLICITA:

A inclusión como beneficiario/a do programa de alimentos, segundo establece a Resolución do 25 de febreiro de 2015 do Fondo Español de Garantía Agraria no marco do Programa 2015 de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas.

O que asina en Salceda de Caselas , a _____ de _____ de _____

SR. ALCALDE DE SALCEDA DE CASELAS

ANEXO II

DON/A _____ con DNI/NIE _____
endereço en _____
e nº. de teléfono _____

FAI CONSTAR

Que se compromete a comunicar ao departamento de servizos sociais do Concello de Salceda de Caselas calquera variación das condicións persoais, sociais e/ou económicas que poidan motivar a perda da situación de especial vulnerabilidade, no prazo dun mes contado dende o momento en que se produza a devandita variación.

O que asina en Salceda de Caselas a _____ de _____ de _____

SR. ALCALDE DE SALCEDA DE CASELAS



ANEXO III

DON/A _____ con DNI/NIE _____

endereço en _____

e nº. de teléfono _____

DECLARA QUE

Forman parte da súa unidade de convivencia as seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE	PARENTESCO/ RELACIÓN	INGRESOS MENSUAIS
SOLICITANTE			

SOLICITA:

INFORME-PROPOSTA dos servizos sociais comunitarios sobre a existencia de situación de pobreza económica e/ou de especial vulnerabilidade social, para a inclusión como beneficiario/a do programa de alimentos, segundo establece a Resolución do 25 de febreiro de 2015 do Fondo Español de Garantía Agraria no marco do Programa 2015 de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas.

O que asina en Salceda de Caselas , a _____ de _____ de _____

SR. ALCALDE DE SALCEDA DE CASELAS

ANEXO IV

DON/A _____ con DNI/NIE _____

endereço en _____

e nº. de teléfono _____

FAI CONSTAR

Que en data _____ de _____ de _____ se lle entregou INFORME PROPOSTA sobre a existencia de factores que indican unha situación de pobreza económica e/ou de especial vulnerabilidade social, para a inclusión como beneficiario/a do banco de alimentos, segundo a Resolución do 25 de febreiro de 2015 do Fondo Español de Garantía Agraria no marco do Programa 2015 de axuda alimentaria ás persoas mais desfavorecidas.

Que se compromete a comunicar ao departamento de servizos sociais do Concello de Salceda de Caselas calquera variación das condicións persoais, sociais e/ou económicas que poidan motivar a perda da situación de especial vulnerabilidade, no prazo dun mes contado dende o momento en que se produza a devandita variación.

O que asina en Salceda de Caselas a _____ de _____ de _____

SR. ALCALDE DE SALCEDA DE CASELAS

Salceda de Caselas, 26 de outubro de 2015.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

